

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 1 DE FEBREIRO DE 2023.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día un de febreiro de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase non outorgar a licenza urbanística para construír unha vivenda unifamiliar no nucleo rural tradicional de Astariz, o Veral (exp. 2021/Y001/000271).

Acórdase a concesión da licenza urbanística para construción de nave industrial de planta baixa e unha planta na rúa María Barbeito (vía B, parcela e.4.4), Parque Empresarial as Gándaras (exp. 2022/Y001/000091).

Acórdase denegar a licenza urbanística para legalización de obras de reforma e acondicionamento de local, con instalación de ascensor e construción de escaleiras, para ampliación de actividade comercial existente, con licenza 439/07, na rúa San Roque números 157, 161, 163 e165, e rúa Rei Don García, números 26-28, (exp. 2022/Y001/000194).

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para peche de oco en forxado no baixo do edificio sito na avenida das Américas, número 51 (2022/Y001/000319); para a instalación de ascensor en edificio de vivendas sito na rúa Río Navia, 53 (2022/Y001/000239) e para construción dunha vivenda unifamiliar illada no núcleo rural 10.2 Bocamaos-Vilacendoi- Curral de Arriba- Curral de Abaixo, na parroquia de Bocamaos (2021/Y001/000326).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS

HUMANOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación dunha vivenda no expediente de alugueiro de tres vivendas que contan con adaptacións técnicas para ser utilizadas por persoas con discapacidade e mobilidade reducida, sita en Leiras Pulpeiro, num. 7 (Casa domótica), exp. ref. 2021-C005-000018.

3. PERSOAL.- Acórdase a aprobación das bases e convocatoria de axudas para estudos do persoal ao servizo do Concello de Lugo para o curso 2021-2022.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.